

SECRETARIA

| ROF | | |
|------------|---|---------------------|
| EXPEDIENTE | Sesión do Pleno do Concello 21.06.2019 | Ref. 07/2019 |
| TRÁMITE | Acta | |

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 21 DE XUÑO DE 2019

No Salón de actos do Concello de Mos, sendo as 10:00 horas do día 21 de xuño de 2019, reúnen os concelleiros/as electos, baixo a Presidencia a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a Nidia María Arévalo Gómez, có fin de celebrar sesión segundo a orde do día fixado por Resolución da Alcaldía e notificado aos Srs. Concelleiros.

Asisten os seguintes Srs. Concelleiros:

Dna. Nidia M^a Arévalo Gómez
D. Camilo Augusto Martínez
D^a. Sara M^a Cebreiro Alonso
D. Alberto Méndez Lago
D. Leopoldo Costas Alonso
D^a. Julia Loureiro Campo
D^a. Begoña Toucedo Rodríguez
D. Gonzalo Alonso Táboas
D. Baldomero Lorenzo García
D^a Victoria Alonso Méndez
D. Alejandro Figueroa Expósito
D^a Verónica Costas Campo
D. José Antonio Mantilla Fernández
D^a. M^a Mercedes Vila Pampillón
D. Román González Garrido
D. Roberto Carlos Rodríguez Dasilva
D. Gustavo Barcia Seijo

Secretario Acctal.,

D. Victor Rodríguez Pérez

Interventora Acctal.,

D^a. Marina Táboas Bernárdez

1. Dación de conta da constitución de grupos políticos, integrantes e voceiros.

SECRETARIA

Pola Alcaldía dáse conta da constitución dos distintos grupos políticos cos seus integrantes e voceiros, que serían como segue:

Grupo municipal do P.P.

D^a. Nidia M^a Arévalo Gómez
D. Camilo Augusto Martínez
D^a Sara M^a Cebreiro Alonso
D. Alberto Méndez Lago
D. Leopoldo Costas Alonso
D^a. Julia Loureiro Campo
D^a. Begoña Toucedo Rodríguez
D. Gonzalo Alonso Táboas
D. Baldomero Lorenzo García
Voceiro: Don Camilo Augusto Martínez e

Grupo municipal do P.S.deG.-P.S.O.E.

D^a Victoria Alonso Méndez
D. Alejandro Figueroa Expósito
D^a Verónica Costas Campo
D. José Antonio Mantilla Fernández
D^a. M^a Mercedes Vila Pampillón
Voceiro D^a Victoria Alonso Méndez e suplente D. Alejandro Figueroa Expósito

Grupo municipal do GañaMos

D. Román González Garrido
D. Roberto Carlos Rodríguez Dasilva
Voceiro D. Román González Garrido e suplente D. Roberto Carlos Rodríguez Dasilva

Grupo municipal do B.N.G.

D. Gustavo Barcia Seijo
Voceiro don Gustavo Barcia Seijo

2. Coñecementos de resolucións da Alcaldesa en MATERIA de nomeamento de Tenentes de Alcalde, membros da Xunta de Goberno Local e delegacións de competencias efectuadas nos primeiros e devandito órgano colexiado.

Dáse conta que en data 19 de xuño de 2019, a Sra. Alcaldes ditou as seguintes resolucións que de seguido transcribo:

“ RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE NOMEAMENTO TENIENTES DA ALCALDESA

SECRETARIA

Vista a celebración das eleccións municipais o día 26 de maio de 2019, e procedéndose o día 15 de xuño, á constitución da nova Corporación Local. En virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 46.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais,

RESOLVO

PRIMEIRO. Designar como Tenentes da Alcaldesa do Concello de Mos ás seguintes Sres. Concelleiros:

— Dona Camilo Augusto Martínez

— Dona Alberto Méndez Lago

Os Tenentes de Alcalde nomeados, previa aceptación do seu cargo, correspóndelles en canto a tales, substituír á Sra. Alcaldesa na totalidade das súas funcións, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a ésta para o exercicio das súas atribucións.

SEGUNDO. Notificar persoalmente a presente resolución ós designados, considerándose aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución de nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación no mesmo, igualmente publicar a Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma da resolución pola Sra. Alcaldesa.

TERCEIRO. Dar conta ao Pleno do Concello desta resolución na primeira sesión que celebre.”

“ RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS

Conforme aos artigos 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 41 e 43 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o Alcalde poderá efectuar delegación da súa competencia de forma xenérica, referida a unha área ou materia determinada, ou especial, para a dirección e xestión de asuntos determinados incluídos nas mesmas, dentro dos límites establecidos na indicada normativa xunto có artigo 71 da Lei 7/1985, de 2 de abril, respecto das facultades consideradas como indelegables.

Desta forma, ó abeiro do establecido no indicado bloque legal e do réxime que para a delegación entre órganos necesarios conteñen os artigos 114 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, **RESOLVO:**

SECRETARIA

PRIMEIRO.- Efectuar delegación de competencias da Alcaldía co seguinte ámbito, facultades e condicións de exercicio:

A) Ámbito e alcance das delegacións xenéricas.

A.1) Coa facultade de ditar actos de trámite e resolutorios que afecten a terceiros.

Con carácter xeral comprende o exercicio das facultades xenéricas de dirección e xestión, así como a de ditar actos de trámite e resolutorios que afecten a terceiros. Cubrirán o exercicio das competencias propias da Alcaldía na materia que non se atopen delegadas na Xunta Municipal de Goberno e ata os límites orzamentarios establecidos para cada Concellería. Expresamente:

1- A planificación e coordinación con outras Administracións Públicas ou Entidades de calquera tipo, incluída a aceptación e sinatura de convenios ou acordos que non impliquen compromisos para o Concello por encima das facultades delegadas.

Cando estes convenios superen tales facultades, efectuarán as oportunas propostas de concertación, de ser o caso. Se fosen de competencia plenaria, esta proposta deberá constar coa conformidade escrita desta Alcaldía.

- O fomento ou subvención de campañas de información e dinamización, e de actividades de todo tipo no eido da súa área, dentro dos límites fixados nas bases de execución do Presuposto.
- A incoación e tramitación dos expedientes de solicitude de subvencións doutras Administracións Públicas, facendo a oportuna proposta para elevar ao Pleno ou á Xunta Municipal de Goberno.
- A responsabilidade da xustificación, así mesmo, das subvencións ou axudas concedidas no seu ámbito de actuación.
- A asunción, sempre que non superen a consideración de contratos menores, de compromisos de gastos no seu eido.
- A imposición de sancións nas materias correspondentes ás súas respectivas áreas, así como a reposición da legalidade, sempre que non estean delegadas na Xunta Municipal de Goberno.
- A presentación de alegacións e recursos nos expedientes sancionadores ou de reposición incoados contra o Concello na súa área.
- Propor a modificación das Ordenanzas e Regulamentos propios da súa área, así como os borradores de novas ordenanzas a aprobar polo Pleno. Nestes casos deberán de contar coa conformidade escrita da Alcaldía.

SECRETARIA

- A sinatura dos documentos de trámite, propostas de resolución, comunicacións, decretos de arquivo e resolucións en xeral no ámbito das materias delegadas.
- Solicitar os informes precisos para o correcto desenvolvemento das súas funcións do persoal ao servizo do Concello adscrito a súa área ou Departamento. Noutro caso deberá de contar coa autorización da Alcaldía.
- Prestar a súa conformidade ás certificacións de obras, actas de recepción destas, subministracións, servizos e demais documentos xustificativos de prestacións efectuadas a favor do Concello, no eido das súas Áreas, así como a sinatura e formalización en documento administrativo dos contratos de obras, servizos e subministros.
- Supervisar a inspección das obras que se executen ou estean a executar no eido da súa competencia, de acordo cos técnicos directores, elevando as oportunas propostas ao órgano de contratación ou dirixindo as correspondentes ordes aos operarios ou persoal municipal, para o caso de executarse directamente.
- Inspeccionar, permanentemente, o normal e correcto funcionamento dos servizos da súa competencia, así como os prestados por outras Administracións Públicas no eido, elevando as oportunas propostas ao órgano competente ou dirixindo as correspondentes ordes ós operarios ou persoal municipal, para o caso de xestionarse directamente.

A.2) Sen a facultade de ditar actos resolutorios que afecten a terceiros:

Co mesmo ámbito e límites que as anteriormente descritas en canto ás competencias da alcaldía, terán o seguinte alcance:

- A planificación e coordinación con outras Administracións Públicas ou Entidades de calquera tipo.
- O fomento ou subvención de campañas de información e dinamización, e de actividades de todo tipo no eido da súa área, dentro dos límites fixados nas bases de execución do Presuposto.
- A incoación e tramitación dos expedientes de solicitude de subvencións doutras Administracións Públicas, facendo a oportuna proposta para elevar ao Pleno ou á Xunta Municipal de Goberno.
- A responsabilidade da xustificación, así mesmo, das subvencións ou axudas concedidas no seu ámbito de actuación.
- Propor a modificación das Ordenanzas e Regulamentos propios da súa área, así como os borradores de novas ordenanzas a aprobar polo Pleno. Nestes casos deberán de contar coa conformidade escrita da Alcaldía.
- Solicitar os informes precisos para o correcto desenvolvemento das súas funcións do persoal ao servizo do Concello adscrito a súa área ou Departamento. Noutro caso deberá de contar coa autorización da Alcaldía.
- Prestar a súa conformidade ás certificacións de obras, actas de recepción destas, subministracións, servizos e demais documentos xustificativos de prestacións efectuadas a favor do Concello, no eido das súas Áreas.

SECRETARIA

- Supervisar a inspección das obras que se executen ou estean a executar no eido da súa competencia, de acordo cos técnicos directores, elevando as oportunas propostas ao órgano de contratación ou dirixindo as correspondentes ordes aos operarios ou persoal municipal, para o caso de executarse directamente.
- Inspeccionar, permanentemente, o normal e correcto funcionamento dos servizos da súa competencia, así como os prestados por outras Administracións Públicas no eido, elevando as oportunas propostas ao órgano competente ou dirixindo as correspondentes ordes ós operarios ou persoal municipal, para o caso de xestionarse directamente.

B) Réxime da delegación

Esta Alcaldía conservará as seguintes facultades en relación coa competencia delegada, tal e como se contempla nos arts. 114 e seguintes do RD 2568/1986, antes sinalados.

- Recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos ou disposicións emanados a consecuencia da delegación.
- Ser informada previamente da adopción de decisións de transcendencia.
- A posibilidade de avocación, en calquera momento e de conformidade coa lexislación vixente, da competencia delegada.
- Resolver os recursos de reposición que poidan interpoñerse contra os actos ditados no ámbito das delegacións efectuadas.

Así mesmo:

- Non poderán delegarse as atribucións nesta resolución delegadas, a súa vez, nun terceiro.
- No exercicio das atribucións delegadas deberá de facerse constar a expresión “por delegación”.

SEGUNDO.- Efectuar as seguintes delegacións xenéricas:

1. Promoción económica, desenvolvemento empresarial, emprego, educación, persoal e réxime interno, e mobilidade, coa facultade de ditar actos de trámite e resolutorios que afecten a terceiros, Dona Julia Loureiro Campo.
2. Medio Ambiente sostible, emerxencias, novas tecnoloxías e mocidade, coa a facultade de ditar actos de trámite e resolutorios que afecten a terceiros, D. Leopoldo Costas Alonso.
3. Urbanismo, patrimonio, facenda, contratación, transparencia e bo goberno, coa facultade de ditar actos de trámite e resolutorios que afecten a terceiros, D. Alberto Méndez Lago.
4. Desenvolvemento urbano e revalorización de espazos públicos, vías e obras, e coordinación coas asociacións veciñais, coa facultade de ditar actos de trámite e resolutorios que afecten a terceiros, D. Camilo Augusto Martínez.
5. Participación cidadá e deportes, coa facultade de ditar actos de trámite e resolutorios que afecten a terceiros, D^a Begoña Toucedo Rodríguez.
6. Servizos para a mellora do entorno rural e urbano, coa facultade de ditar actos de trámite e resolutorios que afecten a terceiros, D. Baldomero Lorenzo García.
6. Política social, igualdade, cultura e turismo, coa facultade de ditar actos de trámite e resolutorios que afecten a terceiros, D^a Sara M^a Cebreiro Alonso.

SECRETARIA

7. Alumeado e eficiencia enerxética e recollida de residuos, coa facultade de ditar actos de trámite e resolutorios que afecten a terceiros, D. Gonzálo Alonso Táboas.
Esta delegación deixa sen efecto tódalas anteriores efectuadas pola Alcaldía municipal.

TERCERO.- Dar conta da presente resolución ao pleno na primeira sesión que celebre que terá lugar, en todo caso, conforme ao artigo 38 do Real Decreto 2568/1968, do 28 de novembro, dentro dos trinta días seguintes á celebración da sesión constitutiva da entidade local.

CUARTO.- Dar traslado da presente resolución aos concelleiros interesados con indicación do réxime de recursos, procedendo a súa publicación no BOP, sen prexuízo do seu carácter executivo desde o día seguinte ó do presente decreto. Advírteselle aos Srs. Concelleiros delegados que a delegación deberá ser aceptada por estes, pero transcorridos 3 días hábiles desde o seguinte ao da súa notificación entenderanse tacitamente aceptadas se non manifestaran o contrario de xeito expreso diante desta Alcaldía.

QUINTO.- As presentes delegacións efectúanse sen prexuízo das especiais para un determinado asunto que puidera estar incluído nas áreas correspondentes, de conformidade co disposto no art. 43 do RD 2568/1986. Neste caso o concelleiro que ostente unha delegación xenérica terá a facultade de supervisar a actuación do concelleiro con delegación específica para un asunto concreto incluído na respectiva área.”

“ RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓN COMPETENCIAS DA ALCALDÍA.

Vista a celebración das eleccións municipais o día 26 de maio de 2019, e procedéndose o día 15 de xuño, á constitución da nova Corporación Local, en virtude do disposto nos artigos 20.1. b) e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e os artigos 35.2 e 52 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Corresponde á Xunta de Goberno Local, ademais da asistencia permanente á Sra. Alcadesa no exercicio das súas atribucións, as seguintes competencias que se delegan, considerando que a normativa sobre Réxime Local permite que xunto coa labor de asistencia ao Alcalde/sa no exercicio das súas competencias, podan ser delegadas nela atribucións dos órganos necesarios municipais, de conformidade có establecido nos artigos 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local; 61 e 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 41, 43 a 47, 52 e 114 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por medio da presente RESOLVO:

SECRETARIA

PRIMEIRO. Nomear membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes Concelleiros:

- 1º. Don Leopoldo Costas Alonso
- 2º. Don Gonzalo Alonso Táboas
- 3º. Doa Begoña Toucedo Rodríguez
- 4º. Don Alberto Méndez Lago
- 5ª. Don Camilo Augusto Martínez

SEGUNDO. Establecer as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, que terán unha periodicidade semanal, tendo lugar os mércores, ás 18 horas, no Salón de Sesións do Concello (se é día inhábil, poderase adiantar ou atrasar a data sen que exceda de dous días).

TERCEIRO. Delegar as seguintes competencias na Xunta de Goberno Local:

1. As aprobacións dos instrumentos do planeamento en desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización. Inclúense a aprobación dos convenios sobre estas últimas materias.
2. A aprobación da oferta de emprego público de acordo co Presuposto e o cadro de persoal aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos para a provisión de postos de traballo.
3. Sancionar as faltas de obediencia á súa autoridade ou por infracción de ordenanzas municipais, agás nos casos en que tal facultade estea atribuída a outros órganos.
4. As facultades relativas a contratacións e concesións de toda clase, nos termos da disposición adicional segunda do RD Lexislativo. 3/2011, polo o que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, excepto os gastos que polo seu importe poda acadar a consideración de contratos menores segundo o artigo 138 do indicado Texto.
5. A adquisición de bens e de dereitos e o seu alleamento de conformidade có establecido na disposición adicional segunda do RD Lexislativo. 3/2011, polo o que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
6. O arrendamento e cesión de uso de bens cando sexa competencia da Alcaldía.
7. A concesión das licencias que se sinalan:
 - relativas a obras, actividades, establecementos e instrucións para o seu desenvolvemento, así como a emisión de informes nos expedientes do seu eido.
 - as de apertura de establecementos fabrís, industriais, comerciais ou de calquera outra índole.
 - urbanísticas en xeral, así como a emisión de informes nos expedientes de edificación en solo rústico.
 - De autotaxis, transportes en xeral e informes nestas materias para o outorgamento das oportunas autorizacións por outras Administracións.

SECRETARIA

8. A tramitación e resolución de expedientes de policía urbana e rural, infraccións e protección da legalidade urbanística, ordes de execución e declaracións de ruína, con inclusión dos expedientes de reposición ou sancionadores que sexan consecuencia da apertura e funcionamento de establecementos mercantís ou industriais, ou actividades conforme á normativa sectorial aplicable, carecendo da preceptiva licenza ou comunicación previa ou sen axustarse ás condicións das mesmas; así como as ordes de paralización destas actividades que non teñan o carácter de urxentes.
9. Trámites de solicitude, aceptación e xustificación de subvencións ou axudas doutras administracións ou entidades, públicas ou privadas.
10. O recoñecemento e aprobación das certificacións de obras e das facturas que as acompañan.
11. A aprobación de padróns fiscais ou de prezos públicos, listas cobratorias ou relacións administrativas de contribuíntes que sexan de competencia da Presidencia, así como as rectificacións destas.
12. A aprobación das liquidacións do Imposto de Construcións, instalacións e Obras así como das taxas pola concesión de licencias que se atopen delegadas na propia Xunta.
13. A resolución dos recursos de reposición ou administrativos en xeral interpostos contra os actos da propia Xunta municipal de Goberno ditados no exercicio da presente delegación.

Nos acordos que se adopten pola Xunta de Goberno Local por delegación, deberá facerse constar esta circunstancia e entenderanse ditados por esta Alcaldía como titular da competencia orixinaria, sendo inmediatamente executivos.

Con todo iso, esta Alcaldía se reserva a posibilidade de avocar a decisión dun asunto Procedemento Administrativo Común.

CUARTO. Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa; e remitir o Resolución do nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación no mesmo. Así mesmo, publicar a Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma da resolución pola Sra. Alcaldesa.

QUINTO. Dar conta ao Pleno do Concello desta resolución na primeira sesión que se celebre.”.

3. Determinación da periodicidade das sesións do Pleno.

Sr. Secretario lee a seguintete proposta:

“ O Art. 78.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais do 28 de novembro de 1986, define as sesións ordinarias do Pleno como aquelas cuxa periodicidade está establecida.

SECRETARIA

Corresponde ao Pleno fixar dita periodicidade mediante acordo adoptado na sesión extraordinaria que convocará esta Alcaldía dentro dos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva da Corporación, propoñéndose ao Pleno que se adopte acordo nos seguintes termos:

Que o Concello Pleno, celebre sesión ordinaria con periodicidade mensual, e, concretamente o último luns de mes, ás dez horas, salvo que ese día fora inhábil, nese caso pasará a celebrarse o día hábil seguinte. que se propón a celebración de pleno ordinario os últimos luns de cada mes, ás 10 horas.”

Abre a quenda das intervencións, a Sra. Alonso Méndez, manifestando que o seu grupo votará en contra e solicita que se fagan en horario de tarde para así facilitar a veciñanza a participación activa na actividade municipal e tamén que se fan nun local municipal.

O Sr. González Garrido di que se van a abster porque aínda que poden estar de acordo na periodicidade, non o están nin no horario nin no lugar.

O Sr. Barcia Seijo di que votarán en contra porque considera que os plenos deberían ser pola tarde para facilitar a asistencia do público e tamén pensando nos concelleiros e concelleiras que traballan para que lle sexa máis fácil asistir.

A Sra. Alcaldesa di que se farán os últimos luns de cada mes as dez da mañan porque así o decide o grupo de goberno e que agora se colgan en internet e que se vai a intentar que sexan retransmitidas en directo e iso fai que os veciños poidan ver como se desenvolve a actividade deste Concello; di que este Concello podería ter unha sesión plenaria cada dous meses pero para que a oposición poida fiscalizar a actividade do goberno fanse unha vez cada mes.

A continuación procedese a votación ordinaria, aprobándose por maioría cos votos a favor do grupo municipal do Partido Popular (9), e en contra do grupo municipal do P.S.deG.-P.S.O.E.(5) e do B.N.G.(1); e abstención do grupo municipal Gañamos (2) o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

O Concello Pleno, celebrará sesión ordinaria con periodicidade mensual, e, concretamente o último luns de mes, ás dez horas, salvo que ese día fora inhábil, nese caso pasará a celebrarse o día hábil seguinte. que se propón a celebración de pleno ordinario os últimos luns de cada mes, ás 10 horas.

4. Creación e composición de Comisións informativas permanentes. Periodicidade das sesións

O secretario da lectura a proposta da Alcaldía:

“ O art. 124 do Real Decreto 2568/1.986, do 28 de Novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

SECRETARIA

establece que o Concello Pleno a proposta do Alcalde-Presidente, determinará o número e denominación das comisións informativas permanentes así como a distribución entre elas das materias que han de someterse ao Pleno; procurando, no posible, a súa correspondencia co número e denominación das grandes áreas en que se estruturen os servizos corporativos. Esta Alcaldía entende oportuno a constitución das seguintes Comisións: ACORDO:

Primeiro.- Procede a creación das seguintes comisións informativas permanentes:

- Promoción económica e emprego e novas tecnoloxías.
- Urbanismo, medio ambiente
- Participación cidadá, educación e mobilidade.
- Política social, cultura e deportes.
- Persoal e réxime interno.
- Servizos públicos e patrimonio.
- Especial de contas, facenda e contratación.

Segundo.- Celebrar sesión ordinaria cunha periodicidade mensual, con carácter previo á propia sesión plenaria, nos días e horas que fixe a alcaldía ou a súa respectiva presidencia, das comisións informativas das que se leven asuntos ao Pleno.

Terceiro.- Fixar unha composición de dez membros, distribuídos da seguinte maneira, que se entende que mantén e respeta, en todo caso, a proporcionalidade existente no pleno corporativo:

- Grupo municipal do PP.- 5 membros.
- Grupo municipal do PSdG-PSOE .- 3 membros.
- Grupo municipal GañaMos.- 1 membro.
- Grupo municipal do BNG.- 1 membro.

A designación en concreto dos membros da Corporación que deban de formar parte das Comisións informativas, en representación de cada grupo, farase mediante escrito do seu portavoz dirixido á alcaldesa ou presidencia, do que se dará conta, posteriormente, ao Pleno. Pódense designar, así mesmo, no mesmo escrito os correspondentes suplentes.”

A Sra. Alonso Méndez manifesta que se van a abster que é un reparto de comisións que fai o goberno sen consultar a oposición aínda que o PP ten a maioría que sería bo buscar o consenso, e pregunta cales van a ser as funcións da nova área creada.

O Sr. González Garrido di que se absterán posto que é unha decisión do grupo de goberno.

O Sr. Barcia Seijo ve ben as comisión que se crean pero solicita que se enchan de contido e non sexan simples dacións de contas.

A Alcaldesa remata as intervencións, dicindo que o goberno leva os asuntos que van ao Pleno pero que a oposición se limitaba a chegar e votar a proposta. E a grupo socialista dille que unha cousa é buscar o consenso que se fará a partir de agora pero outra cousa e

SECRETARIA

que teñan que consensuar coa oposición como sexa o goberno ou as comisións informativas e isto é competencia do PP que foi quen ganou as eleccións

Sometido o acordo a votación ordinaria, aprobase por maioría cos votos a favor do grupo municipal do Partido Popular (9), e abstención do grupo municipal do P.S.deG.-P.S.O.E.(5), do grupo municipal Gañamos (2) e do B.N.G.(1).

5. Nomeamento de representantes da Corporación en órganos

Da lectura, o Sr. Secretario da proposta da alcaldía.

“ Por esta Alcaldía se propoñen os seguintes nomeamentos:

- Na Xunta de Goberno da Mancomunidade de Concellos de Vigo: a Sra. Alcaldesa
- No Pleno da Mancomunidade de Concellos de Vigo: A Sra. Alcaldesa e a Sra. Concelleira delegada en materia de promoción económica e emprego, dona Julia Loureiro Campo e un representante por cada un dos tres grupos políticos con representación municipal.
- Na Área Metropolitana de Vgo: A Sra. Alcaldesa e a Sra. Concelleira delegada en materia de promoción económica e emprego, dona Julia Loureiro Campo, así como un representante do grupo político municipal do PSOE.
- Nos Consellos Escolares: A Concelleira delegada en educación, dona Julia Loureiro Campo
- No Consorcio contraincendios e salvamento das comarcas do Baixo Miño, do Condado e da Louriña, Parque de Bombeiros: a Sra. Alcaldesa, actuando como suplente o Concelleiro delegado de Medio Ambiente Sostible, don Leopolo Costas Alonso
- Na Mesa local de Comercio: a Sra. Alcaldesa, a Concelleira delegada en materia de promoción económica e emprego e un representante por cada un dos grupos municipais con representación municipal
- No Consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga do Louro: A Sra. Alcaldesa e o Sr. Concelleiro Delegado de Desenvolvemento urbán e revalorización de espazos públicos, vías e obras, e coordinación coas asociacións veciñais , don Camilo Augusto Martínez.”

Non habendo intervencións, sométese o acordo a votación ordinaria, aprobase por maioría cos votos a favor do grupo municipal do Partido Popular (9), e abstención do grupo municipal do P.S.deG.-P.S.O.E.(5), do grupo municipal Gañamos (2) e do B.N.G.(1).

6. Proposta de recoñecemento de dedicación exclusivas totais ou parciais.

SECRETARIA

O Sr. Secretario da lectura da proposta de determinación dos cargos en réxime dedicación exclusiva.

“Dispón o artigo 75 da LRBRL que, os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen en réxime de dedicación exclusiva, nese caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións Locais o pago das cotas empresariais que correspondan.

De conformidade co artigo 13.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Pleno da Corporación deberá determinar, dentro da consignación global contida a tal fin no Orzamento, a relación de cargos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva e, por tanto, con dereito a retribución, así como as contías que correspondan a cada un deles en atención ao seu grao de responsabilidade.

Á vista dos anteriores antecedentes, proponse ao Pleno a adopción do seguinte,

ACORDO,

PRIMEIRO. -Acordar o desempeño en réxime de **adicación exclusiva** os seguintes cargos:

-Alcaldía: cunha retribución bruta anual en catorce mensualidades, de 49.162,96 euros.

-Área de promoción económica, desenvolvemento empresarial emprego e educación, persoal e réxime interno cunha retribución bruta anual en catorce mensualidades de 31.800 euros.

-Área de política social, igualdade, cultura e turismo, cunha retribución bruta anual en catorce mensualidades de 31.800 euros.

-Área de servizos para a mellora do entorno rural e urbano, cunha retribución bruta anual en catorce mensualidades de 31.800 euros.

SEGUNDO. - En todos os casos procederase a súa alta na Seguridade Social dende o día seguinte da aprobación do presente acordo polo Pleno do Concello de Mos.

TERCEIRO. - Establécese un réxime de adicación horaria coincidente, en canto ao número total de horas e cando menos, co horario de oficina municipal, se ben distribuíndose de acordó coas necesidades do servizo e as peculiaridades do cargo.

CUARTO. - Publicar no taboleiro de edictos municipal e no BOP o presente acordó, en cumprimento do sinalado no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

QUINTO. - Precisar que o nomeamento dun cargo en concreto pola Alcaldía, que supoña unha adicación exclusiva establecida por este Pleno, deberá ser expresamente aceptado polo interesado, dando conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Todo iso sen prexuízo do establecido no art. 13.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, relativo á aceptación de maneira expresa e a comunicación da mesma ao Pleno da Corporación.

SEXTO. - Ademais e no que se refire ás indemnizacións do resto dos membros da Corporación, esta Alcaldía, propón a aprobación das seguintes indemnizacións por asistencias ás sesións que celebren os órganos colexiados da Corporación:

- Xuntas de Goberno: 115,00 euros por sesión.

SECRETARIA

- Comisións Informativas: presidente: 115 euros por sesión; vogal:55,00 euros por sesión
- Plenos: 190,00 euros por sesión.”

A Sra. Alonso Mendez di que votarán en contra xa que, tendo en conta a actual situación económica e a actual débeda, o soldo da Alcaldesa parécelle desorbitado xa que está preto do máximo legal permitido, que se vai subir case 500 euros con respecto a anterior lexislatura. No tocante as dedicacións exclusivas parécelle ben que reduzan unha pero non que se suban o soldo das restantes.

O Sr. González Garrido, di que votan en contra dada a situación económica do Concello.

O Sr. Barcia Seijo manifesta que votarán en contra aínda que se alegran que se reduza unha dedicación exclusiva, pero que non están de acordo en que se suba a Alcaldesa 466 euros e as dedicación 2.500 euros; que pensan que se tratan duns soldos excesivos e que tendo en conta a media española consideran que un soldo digno serían 26.000 euros para as dedicacións e 36.000 para a Alcaldesa o que suporía un aforro de 30.000 euros o ano para inverter noutras áreas. Por ultimo apunta que na dedicación da Sra. Loureiro cre que hai un erro que non sería “desenrrolo empresarial” senón “desenvolvemento empresarial” e pide que se explique a que se refire a dedicación de “servizos para a mellora do entorno rural e urbano”, e entende que adicación debería estar na área de vías e obras.

A Alcadesa responde que o goberno organizase dende o goberno e que o voceiro do grupo Popular, ao rematar convocará unha xuntanza donde se explicará as función de todos eles, e que se fai un esforzo reducindo unha dedicación; que tanto o seu soldo e os dos concelleiros defendenronno os veciños o día 26 de maio e o que se suben é o IPC.

Sometido o acordo a votación ordinaria, aprobase por maioría cos votos a favor do grupo municipal do Partido Popular (9) e o voto en contra do grupo municipal do P.S.deG.-P.S.O.E.(5), do grupo municipal Gañamos (2) e do B.N.G.(1).

7. Proposta de determinación de posto de persoal eventual.

O Sr. Secretario da lectura a seguinte proposta da Alcaldía:

“ De conformidade co artigo 104 da Lei de bases de réxime local o número, características e retribucións do persoal eventual será determinado polo Pleno de cada Corporación, ao comezo do seu mandato. Estas determinacións só poderán modificarse con motivo da aprobación dos Orzamentos anuais.

O nomeamento e cesamento destes funcionarios é libre e corresponde ao Alcalde ou ao Presidente da entidade local correspondente. Cesan automaticamente en todo caso cando se

SECRETARIA

produza o cesamento ou expire o mandato da autoridade á que presten a súa función de confianza ou asesoramento.

O persoal eventual ao que se refiren os apartados anteriores terá que asignarse sempre aos servizos xerais das Entidades Locais en cuxa persoal apareza consignado. Só excepcionalmente poderán asignarse, con carácter funcional, a outros dos servizos ou departamentos da estrutura propia da Entidade Local, se así o reflectir expresamente o seu regulamento orgánico.

As Corporacións locais publicarán semestralmente na súa sede electrónica e no Boletín Oficial da Provincia ou, no seu caso, da Comunidade Autónoma uniprovincial o número dos postos de traballo reservados a persoal eventual.

O Presidente da Entidade Local informará o Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo.

PRIMEIRO.- Aprobar coas retribucións anuais previstas na Relación de Postos de Traballo, coas actualizacións establecidas pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado (34.684,50 euros), para o desempeño do posto de Técnico Medio Comunicación (en réxime de persoal eventual, adscrito ao Gabinete de Alcaldía coas seguintes funcións:

- Desenvolvemento e execución das tarefas necesarias para a correcta comunicación externa das actuacións e actividades do Concello
- Seguimento e coordinación do plan de comunicación do Concello.
- Elaboración de circulares informativas.-
- Redacción de oficios, cartas, invitacións, contestacións institucionais e demais que lle sexan encargadas pola Alcaldía ou persoal corporativo que ostente competencias de goberno.
- Demais similares.

SEGUNDO.- Publicar o nomeamento no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal.”

Intervén a Sra. Alonso Méndez dicindo que van votar en contra e que se debería facer unha contención de gastos

O Sr. González Garrido di que se trata dun posto que non é necesario e dadas a situación económica do Concello pensan que hai outros postos mais necesarios.

O Sr. Barcia Seijo manifesta que votará en contra xa que pensa que non se debería crear este posto, e que non é lóxico que cobre mais que os concelleiros con adicación exclusiva.

SECRETARIA

A Sra. Alcaldesa contesta que a contención de gasto está na redución dunha adicación e antes de rematar quere felicitar a Sra. M^a Victoria Alonso Méndez, polo seu nomeamento de deputada provincial.

A continuación sometese o acordo a votación ordinaria, aprobase por maioría cos votos a favor do grupo municipal do Partido Popular (9),e o voto en contra do grupo municipal do P.S.deG.-P.S.O.E.(5), do grupo municipal Gañamos (2) e do B.N.G.(1).

Non habendo máis asuntos que tratar, a Alcaldesa, levanta a sesión sendo as dez horas trinta minutos do vinte e un de xuño de dous mil dezanove, estendéndose a presente acta da que como secretario dou fe.

A Alcaldesa
Visto e praxe
Nidia M^a Arévalo Gómez
(asinado dixitalmente)

O Secretario Acctal.,
Victor Rodríguez Pérez